

II PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO E TRABALLOS FIN DE MÁSTER PARA A TRANSICIÓN ENERXÉTICA

Por acordo do Consello de Goberno do 26 de novembro de 2021, a USC creou a Cátedra Institucional de Transición Enerxética Genesal Energy. Co obxectivo de promover a docencia, a divulgación e a investigación no ámbito do estudo da Transición Enerxética, convócase o **II Premio a Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster para a Transición Enerxética** coas seguintes

BASES

1.- DESTINATARIOS/AS

Poderán presentarse a estes premios todos/as os/as estudantes que teñan defendido o **Traballo Fin de Grao TFG ou Traballo Fin de Máster TFM no curso académico 2022/2023** dos graos e másters das **Áreas de Ciencias e Área de Enxeñaría e Arquitectura** en calquera das universidades públicas do Sistema Universitario Español, e nos que se estuden ou analicen diferentes aspectos no ámbito do estudo da Transición Enerxética nas disciplinas de CTEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas), e máis concretamente relacionados co desenvolvemento e innovación de tecnoloxías e sistemas autosostibles de redes de enerxía distribuída, integración de sistemas industriais baseados en H₂ verde, análise de procesos de transición enerxética mediante indicadores de sostibilidade (por exemplo, pegada de carbono) e metodoloxías de decisión multicriterio, ecodeseño de sistemas de xeneración de enerxía distribuída e control óptimo de sistemas de xeneración de enerxía distribuída. Aceptaranse TFG e TFM que tiveran acadado unha cualificación mínima de 8 (nunha escala de 0 a 10) por parte das respectivas Comisións de Avaliación. É condición inescusable para a aceptación de solicitude ao premio, que o TFG ou TFM non fose premiado con anterioridade en convocatorias das universidades públicas do Sistema Universitario de España.

2.- PREMIOS

Os premios para os/as autores/as dos TFG e os TFM estarán dotados coas seguintes contías:

Para o mellor TFG:

- Un único premio de 2000€

Para o mellor TFM:

- Un único premio de 2000€

O premio será persoal e intrasferible e financiarase con cargo á partida orzamentaria da Cátedra Institucional de Transición Enerxética Genesal Energy 5250 4344 22900, acompañado do correspondente diploma acreditativo do premio acadado.

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acada un nivel axeitado podería quedarse deserto o premio.

3.- SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse a través do rexistro electrónico da USC e dirixiranse á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación.

<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm> indicando en asunto "II Premio a Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster para a Transición Enerxética", e acompañando a súa solicitude dos seguintes documentos:

- Un exemplar do TFG ou TFM en formato PDF. No caso de que o tamaño supere a capacidade permitida, deberá indicar un enlace ao repositorio que permita a súa descarga
- Copia do DNI ou pasaporte (agás estudantes da USC)
- Certificación académica coa cualificación do TFG ou TFM (agás estudantes da USC)
- Un resumo do traballo dun máximo de 350 palabras en galego, castelán ou inglés que xustifique a relación do traballo coa modalidade CTEM á que se presenta no ámbito da Transición Enerxética e as liñas especificadas na presente convocatoria, describindo os obxectivos establecidos e a metodoloxía aplicada, informando dos resultados máis relevantes do traballo e destacando a súa utilidade industrial
- Autorización escrita dos/as autores/as do TFG ou TFM de someter os traballos a programas antiplaxio (agás defensa do TFG ou TFM na USC)
- Declaración responsable de que o TFG ou TFM coincide co presentado á convocatoria para a súa cualificación da titulación correspondente e non obtivo ningún premio con anterioridade en convocatorias das universidades públicas do Sistema Universitario Español.

As persoas que non sexan quen de usar o rexistro electrónico poderán presentar a solicitude e documentación de xeito presencial na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Santiago de Compostela (Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela), na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Lugo (Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo), ou naqueles lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ao remate do prazo de presentación de solicitudes publicárase unha lista provisoria de solicitantes admitidos/as e excluídos/as.

Os/as aspirantes excluídos/as, disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións publicárase a lista definitiva de solicitantes admitidos/as e excluídos/as.

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación abrirase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da USC e **pecharase o 10 de outubro de 2023**.

5.- XURADO DE SELECCIÓN

O xurado do presente premio estará formado polo vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación, o director e o subdirector da Cátedra e tres representantes de Genesal Energy designados polo director da Cátedra. Así mesmo, a Dirección da Cátedra poderá designar tres asesores externos de selo caso.

Criterios de valoración:

- Adecuación do traballo ás liñas temáticas de interese establecidas na convocatoria (ata 2 puntos)
- Ponderación da cualificación obtida no TFG ou TFM (ata 3 puntos)
- Calidade académica considerando aspectos como estrutura e coherencia do traballo, a metodoloxía empregada, novidade do tema e os contidos, aspectos formais de presentación e redacción (ata 3 puntos)
- Interese e aplicabilidade industrial (ata 2 puntos)

Unha vez avaliadas todas as solicitudes admitidas, ditarase resolución onde constará o fallo do xurado e publicarase no taboleiro electrónico da USC.

A entrega dos premios celebrarase nun acto público na Escola Técnica Superior de Enxeñaría.

Os premiados cederán á Cátedra Institucional de Transición Enerxética Genesal Energy os dereitos de autor necesarios para a edición, publicación ou comunicación pública da obra e incluírán a referencia da concesión do premio da Cátedra Institucional de Transición Enerxética Genesal da USC nas notas de agradecemento de calquera outra publicación.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo anteriormente indicado, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura
Gumersindo Feijoo Costa
Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación
(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022 e publicación no DOG do 26 de abril de 2022)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 10/04/2023 13:54:34.

CSV: 948E-B498-442A-BFF3